

A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL
ANO VIII — NÚMERO 202 - 1.º Julio 1924

A Actualidade Galega

O mesmo. Galicia sigue semellando, a xusgar polos xornás e demais manifestacións públicas, un curruncho paradisiaco onde nos, os galegos, gozamos dos mais grandes privilexios e da mais cobizada felicidade.

O problema agrario do que forma parte o difícil e interesante dos foros parece como se xa fose resolto. Xá agora ninguén emigra. Aquela emigración dos pasados tempos que nos levaba a mocidade traballadora a outras terras que regaban co seu suor deixando abandonada a terra propia tan necesitada de brazos que a cultiven e fagan desenrolar os elementos naturais que anos e anos de abandono e deixadez non conqueriron agotar, debeu desaparecer pois non se fala d'elo. Xa non van a Africa os mozos galegos. En pouco tempo resólveuse (¿) en Galicia o problema do analfabetismo e foron ereadas (?) un feixe d'escolas. ¿E a cobizada Mancomunidade? ¿E todos os demais problemas? ¿Quén se atreve a decir que non están xa completamente resolto? Quizáis algún cego ou descontento que non quere darse por satisfeito.

E mal feito porque en tan pouco tempo se non pode pedir mais. O olmo aínda non dá peras pero se non pode dudar que chegue a dal'as. Hai que saber ter paciencia e o que se non conforme é porque non quere. ¡Gracias a Deus ou a San Miguel que xa non temos que nos devanar os miolos pensando nos graves problemas galegos que parecían non ter solución! Xa se vé como a tiveron e que axiña.

Os que nos preocupábase por eles non temos xa que facer, a nosa misión está finada.

Agora non podemos facer mais que nos tumbar a dormir, por virtude dos narcóticos ingeridos, gozando dos celestiais e subrimos sonos que nos presentan a Galicia com unha terra privilexiada, próspera e rica onde vivimos todos en subprime benestar e felicidade.

Somentes de vez en cando ven a turbar bruscamente o noso doce sono a noticia de que en Vimianzo, San Pedro de arriba ou Santa María de abaixo celebrouse un acto organizado pola U. P. mais despois voltamos novamente e con mais forza a sumimos no noso sono que non levase trazas de rematar, e a seguir gozando da felicidade presente.

¿Pódese pedir mais?

A Irmandade da Cruña

A nosa querida Irmandade, que nos oito anos que tén de existencia esforzouse sempre por cumprir o nobre fin para que foi creada lle non importando as vicisitudes por que pasou e as altas e baixas dos tempos tan mudados agora, acábase de trasladar de domicilio. Vai ocupar un primeiro andar na rúa Real n.º 36 onde fican dende agora estabrecidas as oficinas da "Irmandade" de "A Nosa Terra" e as "Escolas do Insiño Galego" que como saben nosos lectores veñen funcionando dende fai dous meses con asistencia de mais de vinte rapaciños.

O sitio céntrico que agora ocupa daralle mais publicidade, se cabe, da que ten e o letreiro que axiña campará no seu balcón será ollado por toda a Cruña que a cotío desfila pola centrada rúa. Dende alí continuará realizando a sua santa labor de galeguización atemperándose naturalmente aos tempos que se unhas veces non son propicios non esquencemos tampouco que despois da tempestade ven a calma.

Así pois a Irmandade ofrece o seu novo domicilio a todol-os galegos, onde serán acolidos cos brazos abertos e o corazón acugulado de amor ardente, e aos nosos irmáns de fora da Cruña igualmente facemos o ofrecimento rogándolles nos dirixan alí toda a correspondencia.

Para nós somentes cobizamos o mesmo entusiasmo e as mesmas ansias que nunca nos faltaron e confiamos non nos abandonarán endexamais.

Este número foi sometido
á censura militar

A un amigo morto

(Pol-a radiotelefonía)

A xuzgar pol-a tua resposta ao meu mensaxe derradeiro penso que non chegou a ti intacto pois me non respostas a algunhas cousas que che decía. Non ignoro a causa que cha direi n'outra ocasión si é que ti non acertas a dar con ela. Para evitarnos estos incomenentes decidín porme en comunicación con tigo valéndome doutro medio que xusgo mais práctico. Refírome ao da radiotelefonía que agora está de moda e que chegou a ser tanto do dominio público que a pode empregar calqueira, dende o mais outo ao mais baixo. Somentes tén un incomenente; que ás veces se non entera mais que o que fala pero confío en que hasta ti chegará a miña voz. Se así non fose encargarei que che fale a un curmán meu, que ti conoces, que ten unha voz sonora e potente capaz de se souvir nos lugares mais arredados da terra.

Parece ser que non atopas ben algunhas cousas das que che decía e non vexo o motivo para a tua disconformidade. Craro, ti dende hai non podes ollar a necesidade e comenencia de que se fagan certas cousas que a primeira vista pareceranche impropias pero tiñas que estar aquí para te convenceres da necesidade de rematar con todos aqueles que están pondo en perigo a integridade e prestixio do Poder Público e, o que a inda e mais grave, da Madre Patria. Como comprenderás a eso non hai dereito e mais aínda cando se ten a sorte de ter unha patria tan amante e boa como esta nosa idolatrada Hespaña para quen todol-os amores e sacrificios deben ser poucos. Cen vidas que eu tivera daría por ela. Xa sei que ti non pensas así pero esto dame a min motivos para te poder chamar antipatriota. Menos mal que de ti xa se non hai que preocupar porque estando morto desterrácheste voluntariamente que senón merecías un confinamento perpétuo.

¿Haberá algo máis grande que poder morrer abrazado e bicando a bandeira gualda e roxa?

Deixemos esto e pasemos ás novas ocorridas dende o derradeiro mensaxe.

Comenzareipola que en xusgo mais importante. Celebrouse en París a Olimpíada atlética. Concurriron moitas nacións entre elas Hespaña que mandou un equipo de fútbol que antes de salir da casa xa tiña ganado o Campeonato a xuzgar polo que dixeron os xornás e aínda moitos dos xogadores. Mais he aquí que a mala estrela que non abandona a Hespaña fixo que os súbditos de Mussolini I, o auténtico, fixéranos voltar para casa co rabo entre as pernas, bermellos co'a meixaxe e amarelos de xeneira. Mais non te apures. Foi unha nova gloriosa derrota mais. Aos nomes históricos de feitos nacións que conoces podes engadir o de Colombes.

Desapareceron varias nenas e aínda non se sabe d'elas. Parece ser que agora hai quen se adica a roubalas. Fan ben porque non sei para que queremos tantas.

De política...buenos ¡gracias! O único que boto de menos é aquelas célebres crisis do *viejo régimen* en que cada día tiñamos un novo goberno. Aquelo tiña moita gracia e por eso teño saudades. Agora co'a pureza en que vivimos non hai aquelas cousas cómicas que tanto me

agradaba lér nos xornás. Hoxe vai todo en carriles e sin tropezos. Fai moito tempo que non hai crisis en Hespaña e aínda que reconozo a ventaxa d'elo e o mellor que agora estamos non pode pasar sin añorar os troques d'enton. E unha lástima pero con todo téñome que afacer a actualidade xa que o milloramento e benestar da Madre Patria así o esixen.

Polo o mundo a diante corren ventos de liberalismo e os Estados vanse oumentando hácia ás izquierdas. Aquí tamén. Como os partidos políticos que había eran todos anteriores ao novo réximen están incapacitados para actuar, incruso o republicano, socialista, nacionalista e demais e por eso houbo necesidade de crear un partido novo puro, limpo que recolla as arelas actuas e que non teña concomitancia cos anteriores. Xá o hai e chámase Unión Patriótica, como verás o título é suxestivo, e n'el conviven os bos e os únicos capaces de salvar a Hespaña. O pobo ten cega confianza n'el e eu tamén reouco de ledicia por que ao fin haj en Hespaña un partido que poida recoller as ansias nacións e poña a Hespaña á altura que lle corresponde. Xá era tempo.

Nada mais. Insisto novamente en que aproveites un día de vagar e veñas a pasalo con migo aquí e verás ti millor o que se cadra eu non acerto a che espoñer cristaiñamente.

Teño a seguridade de que non che pesará. Non tardes en contestar e animate. Unha aperta de

VICTOR CASAS

Os estudos que son precisos en Galicia

O Señor Portela Valladares donou 2.500 pesetas ao Seminario de Estudos Galegos de Santiago.

Comprácenos este acto, porque demostra como comenzan a ver algúns dos nosos homes podentes a comenencia de fomentar os estudos de canto con Galicia se relaciona, e a necesidade de axudar esas institucións culturaes e patrióticas, onde por medio da investigación adrepréndese á conocer o pasado, e á traballar no presente para preparar o porvir da nosa Terra.

A labor feita pol-o Seminario de Estudos Galegos é dina das mais entusiastas gabanzas. e merecente da axuda de cantos, nun senso ou noutro, poidan prestarlla. E tamén unha labor que debere ser imitada, non xa por outras institucións que ostentan títulos somellantes sen facer nada para os merecer, senon por total-as asociaciós de estudantes galegos dos institutos e aínda das mesmas escolas, posto que os mestres son os mais obrigados á ir encamiñando os seus alumnos pol-o camiño mais nobre e fecundo para a Patria; e o verdadeiro amor á Patria é o que encomeza no berce.

Lendo hai poucos días, a parte "Mineraloxía", da Xeografía do Reino de Galicia que ven publicando a casa Alberto Martín de Barcelona, vin como todas as explotacións mineiras da nosa Terra están en maus extranxeiras o que é unha grande vergonza.

Se temos en conta a enorme riqueza que representa a industria do papel; vendo a cantidade de ríos que hai en Galicia, o clima apropiado para plantación das árbores para fabricación da pasta, e sabendo que non existe unha soya fábrica d'esta materia de tanto consumo, sentímonos empequenecidos.

Conocedores da importancia que tiveron noutrora na nosa Terra os tecidos de fío e lâ, e vendo como agora case morta está industria. E observando, por remate, o pouco que se intensifica a vida comercial e industrial en todos os ordes, é como comprendemos o pouco querer que teñen á Galicia a maoria dos galegos.

E non val que digan o contrario, por que as cousas demostranse con feitos e non con verbas,

¡Oh! se os mestres ensinaran na escola o amor á Galicia, se lles fixeran comprender aos seus alumnos que o verdadeiro patriotismo consiste en facer próspera e rica á propia Terra naí; se en vez de facerlles adprender coma loritos os nomes dos reises godos ou o número de gloriosas derrotas que sufríu Hespaña en todo tempo, lles ensinasen á coñecer as produciós do país e as industrias que se poideran implantar nel, e sobre todo, se lles inculcasen a idea de que a súa propia vontade é d'abondo para trocar a vida de larchana, homilde e pobre en activa, varil e rica, eses nenos cando chégaran á ser homes saberían poñer á Galicia no eume dos países frorecentes e progresivos, e daquela os galegos non serían, non, tratados como mansas ovellas.

Quizais a circunstancia de verse forzados á soste pol-os propios medios algunhas institucións de ensinanza, enco-mece á facer ver nas xentes o inutil e perxudicial da suxeición á normas e sistemas dos gobernos, e á comencia, pol-a lei de buscar rumbos máis adecuados ás necesidades do país, e ventaxas na independencia da vida, dos estudos que fagan utilizar, para a exclusiva utilidade, aqueles medios e aquelas ensinanzas máis ventavoxas.

E por outra parte, sen lle deber nada ao Estado, cada galego máis satisfeito de sí mesmo, e co orgullo de quen é o que é pol-o seu único esforzo, sen axuda de ninguén afacerase mellor a se considerare superior á todos os demais e saberá facer beneficiosa canta riqueza garda no seu seo esta Terra vizosa de Galicia, improductiva agora pol-a falsa cultura e orientación equivocada que lles deron aos que hoxe son homes.

LEANDRO CARRÉ

Os Deportes na Galicia

É realmente consolador o ver como rexurde na nosa terra a afición ao deporte en xeneral.

Non xa nas grandes cidades, onde pol-o incremento que tomaron os deportes somellan uns verdadeiros atletas os rapaces, sinón que tamén nas pequenas vilas e aldeas galegas vése con fonda ledicia un despertar deportivista que dirá moito en favor da nosa Raza, quizais dentro de moy poucos anos.

Entre os deportes o que máis rexurde praiticando é o chamado *fubol* no que sin disputa algunha os galegos chegamos a un lugar moi dino de se tñer en conta.

Xa n-outros tempos tivemos na Cruña unha preponderancia grande no *fubol* pero logo tivemos un longo tempo en que Vigo, mostrouse dino rival chegando a ocupar o primeiro posto moito tempo na Galicia.

Pero dende fai unha tempáda vense despertando na Capital de Galicia a afición con máis folgos que nunca e hoxe podemos decir con orgulo que xa contamos con un fato de rapaces que saen ao campo sempre dispostos a non se deixar vencer, e á pôr moi outo o nome da Cruña.

Nós que endexamais lle demos aos deportes o calor e a atención da que eran merescente, temos ou debemos confesar un pequeno equívoco ao non refrexar na "Nosa Terra" iste esprendoroso rexurxir do deporte na Galicia.

E digo, que temos de confesar o equívoco, porque para os que andamos á cotío d'un lado para outro por Galicia, é tan satisfactorio, ver pol-as prazas das nosas vilas, eses fatos de rapaces praiticando deporte, é tan consolador o chegar aos pequenos pobos onde todol-os días de festa fan no seu esprendido campo o seu partido, e-vos tan bonito ésto que coído que co-elo vexo despertar paseniño, paseniño, unha raza Galega máis forte e baruda que nunca.

É si por enriba d-isto; si ademais de conseguir o fortalecer a nosa raza, atopamos no deporte, especialmente no *fubol*, un medio máis có que nos demos a coñecer ao mundo todo, coído que haberemos dado un paso máis no logro das nosas aspiraciós.

Fai ben pouco tempo que ninguén se preocupaba de mentar a Naciós, como Yugo-Eslavia, Checo-Eslovaquia, Exipto, e algunha máis, e hoxe vemos, có motivo da derradeira Olimpíada, que os nomes d-istas Naciós andan de boca en boca, e todo o mundo fala d-elas con orgulo. ¿Non podemos nos por medio do *fubol* o darnos a coñecer fondamente no mundo civilizado.

RAMOZA

Prosistas galegos

O ADRO

Sitio de mais paz e mais grato repouso que o adro d'unha hermidia aldeana o non hai. As suas pedras mal trabadas, os seus vellos esqueiros, a cruz e a herba que medra no seu chan, son para o humilde santuario coma os brocados e a coroa para un santo rei bizantino. Os seus balados, que cínxen e apertan de maneira tosca e esinxla o tempro de Deus, arrodéano como poideran arrodear unha horta frorida, un prado, un monte ermo. O adro é algo tan primitivo, tan cheo de bucólico encanto, tan preciso ali onde os costumes patriarcais dos nosos abós non se contaminaron, que ben podemos dicir que é unha das cousas, das belas cousas que no decurso do tempo quixéramos ver sempre erguéndose rústico.

¡O adro! Nél está condensada a vida labrega unha vez por semana, no domingo. á hora da misa. Daquela vellos e mozos, mozas e vellas éucheao, e no seu recinto saúdanse, fálanse das colleitas e dos tempos propicios, arrauxan

as suas cuestiós e hastra alí avívanse as suas teimas. O adro é mintideiro e mais é pío lugar á onde acoden os bós... Baixo as suas laxes, por cuías xunturas nasce a herba, repousan os señores abades que rexentaron a igrexa e guiaron a grei aldeana pol-as moles e recendentes veredas da Fe.

N-unha mañá lumiosa que non se esquecerá, unha parexa de mozos, seguida de vistoso cortexo, sube as escaleiras, entra na igrexa e volta á sair a o adro unida do braceiro e unida pol-a benzón de Deus. Un serán, un cortexo menos vistoso, á cuia frente vai unha mulleriña que leva en brazos unha criatura de poucos días, rube tamén o esqueiro do adro, e riba da pila bautismal fan cristiana a criatura. En noite escura e fría, o viático dirixese á casa d'un feligrés adoecido de morte, e as velas acesas, ao alumear o adro, teñen o prestixio de figural-a "Santa Compañía" que fose arringar do seu leito un pecador. N-unha mañá, por romate, cruzan o adro, tristesiros e abatidos, os cidadans que van ouvir unha misa de funeral pol-a alma do seu veciño, que entregou a vida á morte..

Mais nada hai coma un adro en festa. Daquela o adro non é o adro, que é coma leda feira, e todo ten unha côr bonita, dende os panos das mozas hastra a gravata dos vellos. No adro hai bandeiras e gallardetes, faroliños de papel e arcos de mirto; cheira a viauteiro e a herbas boas, e o chán está alfombrado d'espadañas, e a campaiña leda e rebuldeira non deixa de soar, de repicar, de ceibal-os seus sons á total-as bizosas aldeas da bisbarra. O adro está que se non pode dare un paso por el. Nun curruncho un gaitero toca a gaita, e d'arredor d'el báilase. Enriba do balado, un mozo ergueito, que leva un carabel tral-a orella, bota foguetes, que somella como se quixeran escalal-os ceos. Con tanta familia e tan rebuldeira xente, o adro está desconecido, tan soyo, tan en repouso de cote. Mais sôe é un día, porque de contado volve á ser o lugar de paz, á onde eu, camiñante quixera chegar un verán en que os paxaros dende a copa dos carballos, cantasen anunciando a madurés das colleistas.

PRUDENCIO CANITROT

CONTISTAS GALEGOS

Lenda de Brigo

Aínda as terras de Galicia dormían o sono das cousas que acaban de se faceren, envolta n-unha vestimenta maravillosa de piñeiros, toxos, silvas, fiunchos, e outras vexetaciós vernáculas. O balbordo do mar e os queixumes dos pinos «na costa verdecente», entoaben a fonda cantiga de gabanzas á doce e ben doada fermosura das veigas aínda virxes.

Trinta séculos tiña que camiñar a vida hasta o nacemento de noso señor Xesucristo, cando foi chegada aquela noite de plenilunio no mes do frorecido Maio, que os bardos osiánicos habían de loubar como aurora dos pobos celtas. As augas que cinguen a península de Hermes (Cruña) tiñan pol-a banda do ocaso ardentías feras que facían tremar a terra, e pol-o ourente ondas es-

morecedoras que mainamente bicaban os acantilados e metíanse nas furnas en sinal d'amoroso aloumiño.

Pol-o canal que separaba a costa firme da baixa illa nomeada Hesperium, que pasados algús séculos asolagaríase deixando no seu lugar *As Xacentes*, víronse chegar nove barcas feitas de coiro e vimbios, como n-aqueles lonxanos tempos s'estilaban.

N'elas viñan os *calls* da tribu de Breogan, os fillos do mar, dende as terras d' Atlántida, onde eisistía a potente e adiantada cibdade Fartesia.

Açodastáronse na baixa costa d'Adormideiras, primeiro peirao da nosa civilización, e subiron ao cume d'un outo monte, onde mais tarde Hércules e Xerión habían de loitar, erguendo despois un moimento en lembranza do feito.

As druidesas axionlláronse, os bardos entoaron a cantiga da raza. Brigo, envolto na sua branca túnica de liño, coa segur d'ouro, acadou mórdago e loureiro, que regou coa auga lustral que facía nas covancas dos espidos penedos. O primeiro *lubre* da Nai Terra quedaba estabrecido, e nas laxes d'Hermes puxeron a sacra inscripción, que huxe chaman d'escritura rupestre.

Enton Brigo falou así:

—Soma sin nome que deches principio á vida, que moves as augas do longo mar e penduraches as estrelas nos ceos inmortaes, gracias che sean donadas pol-os fillos de Breogan por nos deixares facer nosa esta ridente terra.

E despois de pregar en compañía da tribu, quedou esmorecido n-un fondo soño, e, á traves das escuras brétemas da noite, ollou as terras do Norte, as do nordeste, bañadas pol-o mar, as do sur hasta a foz d'un grande e fondo río, que viña de terras non conosciadas, todas elas de costas verdecentes e inzadas de rumorosos pinos.

A druidesa Cambria, feito o rito da adiviñación, falou d'esta maneira.

—Brigo, pai e señor dos *calls*, xa tiveches a vision das terras que os teus fillos han de poboar. Un vello sino temos dito que este pobo será, no intré de moitos séculos, aldraxado e perseguido; mais está pedra, en que ti pousas a tua cabeza, será o sagro Altar dos grandes destinos da raza, que eternamente vencida será tamén eternamente dominadora pol-a sua altísima intelixencia e pol-a sua alma, forte, unxida en saudades infinitas.

E o primeiro alalá, en sinal d'oración pol-a Nai Terra rompeu o silencio d'aquela morna noite de Maio.

MANUEL LUGRÍS FREIRE

Ao marxen d'unha nova

Comentan algús xornás, que en Compostela, a cibdade jacóbea, algús homes, ateigados de baixo mercantilismo pretenden erguer unha praza de touros.

Pensem un pouco, e conviremos que Santiago e a cibdade das contradicións.

D'unha veira, a Universidade, o Seminario de Estudos Galegos, á Catedral, os sepulcros dos apóstoles galegos de todo-os tempos, os pazos señoriales cheos de arte.

Da outra, a praza de touros, a palmatoria de Montero

Ríos, a desfeita da Rúa de Villar, os parches indecorosos nos meirandes moimentos, as merengadas de cemento, as pandillas caciquiles.

*
**

E as históricas rúas recorridas fai pouco pol-o arzobispo galego, serán profanadas por un monicreque coletudo, rechamante de abalorios.

E na cibdade galega por autonomasia, erguerase o moimento do flamenquismo entronizado.

A carón da universidade literaria a universidade da vangancia e da chulería. Civilización e barbarie.

*
**

No medio da praza monumental, orgullo de Galicia, puxeron o símbolo do caciquismo trunfante.

A xenrocracia coidou que a praza emprestarialle a súa grandeza.

Mais a grandeza é da praza. E o cacique, con pedestal e todo, aparece aínda mais cativo do que era.

¡Unha estampa dos mistos, con enorme marco de brilantes!

*
**

Mais xa nada importa. A vella catedral, suma do arte e do espírito relixioso de moitos séculos, humao de pedra, páxina brillante da historia de Galicia, profanouse con unha galería. E o pobo levítico tolerouno.

Unha blasfemia, en unha oración.

*
**

Cando no tempo de Galicia entre o novo Cristo non abondaralle con leval-o látigo.

Non terá que botar samente ós mercaderes.

Terá que destruír as súas obras.

F. ABELAIRA

A Farruquiño Porta d-a Enciña

¡Meu Farruco d-as cirolas!

Farruquiño churrusqueiro,
qu' hastra miña porta chegas
en demanda d'agarimos...

¡Farruquiño d-a monteiral
con ises ollos de Groria,
estrelañas d-a inocenza:
(abofé s'os meus abondan
pra espellar tal realeza!)
co-as guedellas tan pulidas,
e-a boquichiña tan feita!...

¡Asús, que Farruco lindo
este que n-a porta petal
...¿cantarche, meu queridiño?
¡rulo! ¡periña de reina!
¡encanto! ¡sol abrilero!
¡meigo! ¡peitiño d'almendra!
¡moreniño! ¡bén! ¡fartura!

¡Ouh, curazón de manteiga!
¡rapaz!... cand'a mozo chegues!
¡probes nenas namoreiras!
hás faguer estragamentos,
que se conserven n-as lëndas!

¡Farruquiño d-as cirolas,
que tés nos beizos, cereixas:
nunca coidei que n-o mundo
frol tan radiosa nascera!
déronte: o luar, crarores,
frescor, a sálvia e-a lesta;
côres, as rosas do abruño,
rescendor, as borralleiras!

Eres, como rey erqueito:
¡eres ben fillo de celtas!
¡eres ben casta d-os Portas!
¡tés d-os Enciñas, a betal

¡Pelegriñeño do Ceul
Eu te soño nunha Egresia,
pousadiño pé d-a Virxen,
que n-os teus ollos recreáse!
antr'as nubes qu'a coroan
asomando a branca testa;
o primol d-as tuas fazulas,
como rosas de maceiras!

¿Qué traes n-os ollos, Farruco!
¿qué traes? porqu'eu, ¡abofellas!
dígoche qu'isas meluras
non che son nãdas n-a terra!
hay algo que non comprendo,
escondido n'isas fiestras,
qu' amostan moi preto a Groria;
teñen elas transparezas
d'auga fresca, de regato
d'honesturas d,unha nena
¡os teus bugallos d-os ollos
espellaron as estrelas!

¡Anda a beilar, meu tocayo!
qu'eu vou tremar d-a pandeiral!
solta os betós do colete,
¡ergue as tuas mans redondechas!
canta connigo, mociño,
por vilas, montes e veigas...

Iste Farruco é un Farruco,
que val mais ouro que pesa!
¡Bénia quen me chama fillo!
¡miña benditiña terra!
o crego que me bendixo.
a pía bautizadeira!
¡Iste Farruco é un galego,
fillo de madre galega!
como él, non hay dous, n-o mundo...
¡Ay, mociñas!.. ¡cand'eu crezal!

Oleiros, San Xoan-924

Francisca Herrera e Garrido

Este número foi sometido
á censura militar

Cartas a meu afillado

A dictadura militar en Francia

Querido afillado:

Xa estarás enterado de que o falso rumor que tanto te alarmou non tiña a mais pequena fundanza. Os militares franceses deixaron que os acontecementos políticos do seu país seguisen o curso marcado pol-a opinión expresa do pobo, sin intentar impoñer a sua voluntad e de clas n-un preito que non é solo d-eles sinón da nación enteira—tal vez de toda Europa.

Esta autitude correuta, sin dubida aconsellada pol-o sano conceito que teñen do seu deber estricto—son servidores da patria, e a patria é a xuntanza de todol-os cibdadans—a min non me sorprendeu. O exército francés, formado nu-n ambiente de democracia verdadeira, curouse d'afans imperialistas e dictatorías na dura proba da última guerra. N-ela houberon de decatarse os que forman a sua parte permanente, e decir, os profesionás do exército, que o pobo, que sabe derramar xenerosamente o seu sangue en defensa da patria, sin outros estímulos que os espirituales; que ese pobo de donde sairon os millóns de mortos que conqueriron c'ò seu sacrificio o único loureiro d'unha cruz funeraria ou o homenaxe colectivo do momento ò *soldat inconnu*; que o pobo, en fin, que conta por milleiros os inválidos da guerra y-os herois reintegrados a sua vida civil sin outro galardón que o íntimo do deber cumprido; é merecente do maor acatamento por quenes están ò seu servicio, inda n-aqueles momentos en que, nõ xuicio de éstes—xuicio, por humán, falible—poidera ser vítima de destravíos. ¿Como, pois, habíanse d-eles atrever a contrariar a vontade expresa da maoría do pobo francés?

Pódesme creer: cando leín a noticia ausurda do pronunciamiento de Foch, voteime a rir. Foch e os seus compañeiros, xefes e direutores d'un exército trunfante, non se opuxeron, cando estaban frescos os loureiros da sua gloria, a que fose pública e serenamente xugada a conducta d'algúns xenerales.

ARTURO TARACIDO

ASOREY

Galicia é patria de grandes e gloriosos escultores. Francisco Moure, Gregorio Hernández Felipe de Castro e Xosé Ferreiro, son d'abondo pra que n-este senso poidamos poñernos ao rente dos pobos mais adiantados.

Mais estes outísimos artistas responderon ao ambiente sinxelamente relixioso dos tempos en que viviron. Aínda que algún d'eles como Felipe de Castro, poñía aos pes

das suas estatuas a frase de Silio Ytálico «callaica facere mamus», non sentiron o mais pequeno acuciamiento por representaren a alma da sua terra nas obras fillas da sua inspiración.

Asorey é un escultor xenuinamente galego. Os problemas da nosa vida, aña enxebreza dos nosos costumes, a representación da nosa raza nas suas mais íntimas características, o santo amor pol-a terra, acenderon o seu corazón e moven a sua man no labor glorioso á que se adica.

“Picariña“, “Naiciña“ e “O Tesouro“ son poemas que ameigan as almas dos namorados de Galicia. Asorey é o artista verdadeiramente representativo da nova xeneración, que trata de impoñer e salvar todol-os valores que integran a nosa persoalidade como pobo.

Unha vez mais foi desconocido en Madri. Non debe, non, sorprendernos. A arte de Asorey e algo moi enxebre e outo que s'escapa á comprensión dos chamados mestres, que saben menos de Galicia que das terras mais lonxanas.

Temos que agasallar agarimosamente á Asorey. «O Tesouro» e merecente d'un premio que representará moito mais para o grande escultor, que total-as primeiras medallas de certámes alleos. O amor, a gratitude, a adhesión, o entusiasmo dos galegos, debemos de rendirlle axiña.

Que seipa que o noso corazón latexa ao conxuro das suas esgrevias obras.

A preparar un homenaxe á Asorey. Un xantar, en que non faltará ningún dos intelectuales galeguistas, sería o mellor e mais sinificativo agasallo.

¡Adiante, por Galicia!

OS IDIOMAS REXIONÁS

Copiamos de “Galicia” de Vigo o seguinte:

EL PAPA Y LAS LENGUAS REGIONALES

El cultivo del catalán en Cataluña,—desterrado ahora completamente del uso oficial—aún sigue privando en los púlpitos. Los abades de la tierra de Mosen Chinto y del obispo Torrás y Bagés, siguen explicando a sus feligreses el Evangelio en catalán.

Parece ser, que para impedir que esta costumbre siguiera imperando en los templos de Cataluña, algunos elementos enemigos de las lenguas regionales, se dirigieron al Pontífice en súplica de que prohibiera el uso de aquéllas en las solemnidades religiosas.

Pero el Papa no es de la misma opinión que ese pintoresco líder de la U. M. que se llama D. Alfonso Sala, aprovechado accionista político, que apesar de su anti-regionalismo, se encaramó en la Presidencia de la Mancomunidad. El Papa ha declarado que respetará el uso de los idiomas populares, porque la palabra de Dios ha de llegar a los fieles por aquel vehiculo verbal que más familiar y querido és a los espíritus enfervorizados.

Non facemos comentarios.

ARTE PORTUGUES

Exposición Guilherme Filipe

Anúnciase a exposición d'este xoven e xa notabre pintor portugués, que se celebrará na sala da Reunión de Artesanos, onde xa se teñen celebrado outras exposicións, entre elas a de aquel malogrado artista, portugués tamén, que se chamou João Peralta.

Fálase tamén de que o ilustre poeta lusitano João de Castro virá con ocasión da exposición Guilherme Filipe para pronunciar unha conferencia que seguramente será, como sua, unha belísima páxina, xa que João de Castro é tamén un orador de moita sonda.

Plácenos ver como os artistas do país irmán veñen entre nós á nos amosstrar a súa valiosa labor para que mellor poidamos conocelelo. E desexamos á Guilherme Filipe un éxito tan grande como merez o seu arte intenso e cheo de emoción,

Verbas do noso Patriarca

“Non lle dígades ao campesino,—que é quen enche as tres cuartas partes do noso territorio,—non llo dígades porque pode telo por un axioma e acentual-o natural temor que n-él enxendra a opresión en que vive e non pode desprenderse d-ela.—Decídelle—e decirédelle maior verdade—todo o contrario, pra que teña o consolo de coidarse forte, e axudado dos seus, cō que atrevérase á entender que sendo un home libre, poida sêlo, éo.”

“Más, non temades. Dendes que alento, manteño viva na miña alma a esperanza da resurrección de Galicia, mellor dito, da súa glorificación—¡Xa a vín mais abatida. Teño fe no movemento rexenerador que a sostén. Teño no corazón dos seus e nos xenerosos pensamentos que os animan.”

“Recibimos dos nosos país unha Galicia postrada e casi morta, entreguémola a os nosos fillos redimida do cautiverio. Esta será a maior gloria, á que podemos aspirar na terra.”

MANUEL MURGUÍA

Este número foi sometido
á censura militar

AGRUPACIÓS ARTÍSTICAS GALEGAS

SAUDADE

O coro galego «Queixumes dos Pinos» celebrou fai días unha xunta xeneral na que se tomaron varios interesantes acordos entre eles que o coro chámese dende agora «“Saudade“ agrupación Coral galega». Foi elixida nova xunta directiva que forman os señores:

D. Xosé Longueira = Presidente
D. Pedro A. Lage = Vice id.
D. Manuel Boedo = Vice id. 2.º
D. Víctor Casas = Segretario
D. Arcadio Carballo = Vice id.
D. Eduardo Corral = Tesoureiro
D. Xulio Fariña = Contador
e Vocales D. Salvador Foxón, D. Venancio Deus, D. Leandro Carré e D. Antonio Barreiro

Reformáronse tamén algús artigos do Regramento.

«Saudade» ten mentes de realizar unha interesantísima labor en favor da nosa música popular. Temos asistido a algún ensaio da notabre agrupación e atopamos na preparación do programa a desenrolar no primeiro festival algo novo e desconocido hasta agora nas agrupacións do seu carater que marcara novas orientacións ás demais coledividades que se adican ao cultivo e desenrolo da nosa fermosa folk-loor.

Saudamos con cariño a nova directiva, na que figuran varios irmans nosos, e deseámoslles grandes acertos na súa xestión que redundará en beneficio da agrupación que dirixen e o que ainda e mais importante de Galicia e da súa personalidade no interesantísimo aspecto da súa arte propia e particular.

Neste mes sairá o primeiro número de

L A R

que publicará unha novela inédita
do grande humorista

Wenceslao Fernández Florez

seguirán quincenalmente orixinais de
Armando Cotarelo, Leandro Pita Romero,
Francisco Camba, G. López Abente
Manuel Lugo Freire, Euxenio Carré Al-
dao, A. Noriega Varela, Anxel del Cas-
tillo, Leandro Carré e outros

Administración. **REAL 36-1.º**

O trunfo da arte galega

Un comentario merece nesta nota o trunfo abranguido pol-a arte galega na capital da Hespaña.

Deixando á un canto os fermosos cuadros de Sotomayor e os paixases de Llorenes que tan maravillosamente reproducen o campo e as mariñas da nosa Terra, temos que falar algo dos escultores.

Bonome, e sobre todo Asorey, trunfaron definitivamente imponéndose ca sua arte. E a arte d'estes grandes artistas fíxose e inspirouse en Galicia, na propia terra, no ambiente que conocen, nas xentes que ven de cote; sen ter que lle pídirlle nada emprestado á outros pobos nen á outras artes. Así as árbores do país deronlles as madeiras, que nas suas mans tomaron forma e cobraron vida convertíndose nesas figuras tan admiradas, que representan a nosa vida e a nosa arte. Unha arte tan gloriosa que asombra á todos.

Vexan este exemplo todol-os rapaces que teñan un ideal luminoso para se guiar pol-as veredas da gloria. A gloria non pode nimbarse a fronte dos escolleitas mais que cando abstraéndose de todo o exterior se inspiran e trabállan no ambiente en que nasceron, no ambiente en que se formaron.

E isto non é sómente en canto se refire ás artes decorativas, senon aínda tratándose d'outras como a literatura ou a mesma música.

Todol-os pobos que destacan en calquera das manifestacións artísticas é sempre por adicarse con preferencia os seus artistas á unha modalidade propia do país.

Galicia vai recobrando persoalidade no aspeito artístico, neste aspeito particularísimo da talla en madeira maisque en ningún outro porque este mais que todol-os demais é unha arte propia, orixinal.

Con inmensa ledicia felicitamos aos artistas galegos que tan outo souperon poñer o nome da nosa Terra.

LIRICA GALEGA

A ALDEA ESQUECIDA

Do poeta ruso NEKRASOF,
axeitada por RAMON CABANILLAS.

Nenila, a probe vella
de lombo acorcovado,
foi a falar con Trouka,
persoeiro do amo:

—A miña chouza cáise;
os largueiros e os cangos,
da choiva apodrecidos,
estánse vindo abaixo.

Déixame ir cortar madeira o souto
pra arrombar o tellado.

“¡Non pode ser!” lle dou como contesta
Trouka, o mal encarado.

Boeno.—dixo a velliña—
¡Seia El Señor loubado!

Agardaréi. ¡Todo ha de vir a xeito
axiña chegue o amo!

Un lindante das terras
que arrodean o pazo,
de acordo c-o persoeiro que levaba
a sua parte no chambo,
fóise metendo pol-a veiga adiante
sin respetar os marcos.

Queixáronse os caseiros;
mais Trouka, enrabuxado,
sin darlles fala, lles volveu as costas.

Os labregos quedaron
sin dar a pé ni-a man, como de pedra,
para eles cavilando:
¡Todo ha de vir ó rego
axiña chegue o amo!

Ignasha, o mozo rexo,
númaro un c-o arado,
homilde como a ovella,
forte como o carballo.
foi a pregar licencia pra casarse.

Trouka, o mal encarado,
escupéulle este berro:
“¡A tua muller é o sacho!”
Natasha, a doce nena, a prometida,
dixolle ó namorado:
Cala. Non teñas pena.

O Ceo ha de axudarnos.
¡Todo ha de vir a ben, si Diol-o quere,
axiña chegue o amo!

II

A velliña morreu. ¡Pobre Nenila!
¡Tiña xa tantos anos
que non pasou do inverno
no que a chouza ficara sin tellado!

Houbo anadas locidas
nas terras dos alargos
e a Trouka e seu compadre
ben que lles foi. ¡E aínda hai moitos parvos
que dín que n-este mundo
non loce o mal gañado!
¡Malia que eles...! Boeno,
o mellor é calalo.

Ignasha entrou nas quintas
e foi servir o Czar. ¡O malpocado
inda hoxe non volveu!

A Natasha murchouse traballando:
Nin siquera se lembra
do namoro de antano.

Non se conoze. ¡Está tan cativiña!...
Pol-o demais, o amo
nunca chegou a vir a nosa aldea
nin coído que pensou n-ese traballo.

III

O fin unha mañán irta de outono

na que caía a neve rovoando,
no alto do camiño
apareceu un carro
dende o pescante as rodas
como un corvo enloitado,
do que tiraban pouquiño apouco,
tres troncos de cabalos.

Dentro d-el viña, o longo,
un caixón de carballo
con remaches de prata,
e no caixón ¡probiño! o noso amo.

Detrás ía o heredeiro,
un señorito que de vez en cando
puña sóbor dos ollos
un paniño bordado.

O chegar o cortexo
á capela do pazo,
cantou o pope un requiem
e meteron a caixa n-un buraco.

O herdeiro dóulle a man o starosta
e o pope que inda estaba marmullando
un responso, metéuse a toda presa
n-un coche que xa estaba preparado
e saíu para moscou.

Facían lume,
batendo con estalo
nos seixos da vereda
os cascos dos cabalos.

De "Galicia" de Vigo

VERBAS DO MOMENTO

¡INXUSTICEA!

Cando xa tñiamos casi adormecido aquel triste recordo d-a inxusticea cometida, fai dous anos con Asorey, volven os ventos d-a Corte a facer resoar n-a nosa, xa ben cortida orella, esta palabra que tan amargamente nos fire e atromenta o corazón.

Outra vez trunfaron a inxusticea e o mercantilismo; outra vez lle rapiñaron a Paquiño Asorey a primeira medalla que tan lexitimamente lle pertencía, o xuzgar d-os críticos d-o Arte de todas as rexións de Hespaña.

D'a outra vez cand-o noso artista foi levado o Gólgota madrileño para ser crucificado a veira d-a sua "Naiciña" a admiración e-o cariño, unidos a indinación, guiaron os meus pasos a "Terra Santa", qu-é o lugar donde está emprazad-a chouza donde se meceu o seu verce, e despois de cortar uns ramaliños de loureiro, mandeillos misturados con estas "berzas", que son a crara expreseón d-o entuseasmo, d-o agarimo e d-a protesta:

O meu bo amigo e paisán Paquiño Asorey, con motivo de haber obtido un prémio cativo por unha obra grande n'a eisposición de Arte celebrada en Madrid.

VERSOS A-PRESA

Cando vin que en Castela foi premeada
"Naiciña", pol-os cutres n-a inxusticia,
maxinei teu cicel honrosa espada
redentora dos ¡ayes! de Galicia.
E entón dixen: Traballando de cote,
e-o numen enxendrado, n-este rueiro,
chegarás a ganar premeos a pote
que che tendrá que dal-o mundo enteiro.
E esquirboche, e-a miña musa tola
e sin ter un anaco de troveiro,
a fin de que coroes a cachola
con eses ramalliños de loureiro.
Qued-enamentras afianda-a fouciña
con qu-os cortei n-a nosa "Terra Santa",
aprand-os premeadores de "Naiciña"
qr'a croalos tamén... pol-a graganta...

¿Y agora que lle vou a mandar a Paquiño? ¡Voull-a mandar os loureiros... y a fouciña!...

Cambados, 20 de San Xuan de 1924

En poucas verbas

Leemos en la "Voz de Galicia":

En la Casa Consistorial se reunieron el domingo los somatenes locales presididos por el Sr. Fernández López (don Antonio).

Concurrieron los Sres. Estrada Catoira, Fernández Vaamonde, Palacios, Pérez Cirera, Tenreiro (D. Horacio), Sanz, Batallán, Alvedro, Roel, el abanderado Sr. Batista y algunos otros.

A Gaceta publicóu xa o R. D. suspendendo a desgración do millo.

Esta é a medida mais comenente para os trigueiros castelás, inda que sexa tamén a que mais perxudico aos labregos galegos.

Galicia como de cote sigue preterida.

O bispo de Madrid-Alcalá dictou unha circular prohibindo que nos colexios católicos da sua diócesis se practique acto algun relixioso en lingua extranxeira.

Recomenda tamén que en todol-os actos da vida escolar se usé sempre o español para evitar que na concencia dos alumnos se forme o lamentable error de creer inferior a lingua nativa á calquera outra estrana e pol-o tanto, se enxendre unha predisposición antipatriótica.

Nós tamén pensamos así. Creemos que un dos principios de patriotismo é facer amar a fala nativa, a fala propia, sobre total-as demáss.

Como creemos que a nosa raza é superior a total-as outras.

Sempre coidamos que a cultura, o conocimiento perfeito de cada oficio, a intensificación da ensinanza, cotribúan ao progreso e riqueza dos pobos.

Pol-o visto non é así. O ideal d'un país debe ser a economía, o gastar pouco; á ser posibre vivir como as bestas sen maores necesidades; o caso é que se reduzan gastos Sobran pois "Escolas Náuticas". Institutos, Universidades...

APELLIDOS ESPURIOS

Estando eu n-un xugado d'aquí da Cruña entrou unha muller da aldea. Preguntou pol-o rexistro civil, e eu mesmo llo amostrei. Estaba eu n-él recollendo unhos datos que precisaba.

A muller pedía un certificado de nacemento. Xa traía outros documentos e faltáballe solo aquél.

O encargado do rexistro preguntoulle como se chamaba pra llo dar.—“Chámome Fulana Meixide“, díxolle a muller. Volveu o do rexistro a preguntarlle. Non entendera ben. A muller contestoulle o mesmo, que se chamaba Fulana Meixide.

O do rexistro puxo cara de mañán d'orballo. Abreu o libro e mirou. Por terceira vez aínda lle volveu a preguntar como se chamaba. A min xa non me cabía o pan no corpo. Contestei eu pol-a muller. O do rexistro calou. Non me dou carto pol-a sentencia. Despois díxolle a muller:

—Usted se llamará Fulana Meigide.

—Non, señor, que son Meixide.

Intervín eu falando no mesmo idioma que a muller: O apelido Meixide é un apelido galego moi corrente. Supoño que n-este libro habera moitos mais. Contestoume o bo do home que alí non se podía poñer Meixide, porque esta palabra non e castelán. E eu salínlle con esto: “E se ven un inglés ou francés a apuntar aquí un fillo vostede que fai: pon os apellidos que lle dean ou castelanizaos? Respondeume que era cousa distinta.

Resultado que a muller levou o certificado con Meigide. E como n-outro que traía do crego decía Meixide, fixérona volver do sitio a donde foi para que arreglara aquilo. E a probe da muller, despois de gastal-os cartos e perdel-o tempo non sei o que tuvo que facer para salir do barullo en que se veu metida, sin ela ter culpa ningunha, senón a ignorancia do encargado do rexistro civil.

E agora preguntome eu: ¿hai dereito a que a un no seu país lle pasen cousas como ésta? Non hai dereito. Si o encargado do rexistro soupese algo das cousas de Galicia non facía o que fixo. E si fora galego moito menos,

JOSE LESTA MEIS

IMPRESA MORET - MARINA 28 LA CORUÑA

Loza inglesa para cuartos de baño


escrusiva de

“Royal Doulton Potteries“

A primeira fábrica de Inglaterra

V.^{da} de Novoa

Visítade a exposición
permanente en



Payo Gómez, 9

A CRUÑA

A mais importante do Norte de Hespaña

Vida Marítima e Comercial

Compañía Naviera "Stinnes"

(Hugo Stinnes Linien)

HAMBURGO

Servicio regular de vapores correos a os portos do BRASIL, MONTEVIDEO e BOS AIRES PROISIMAS SAIDAS DA CRUÑA

Ademitando carga e pasaxeiros de cámara, terceira especial e terceira ordinaria.

(Incluídos todol-os impostos)

Os pasaxeiros deben solicitar as prazas co'a maior anticipación, presentándose n'esta Axencia CINCO DIAS antes da saída do vapor.

Para informes dirixirse ao Axente da Compañía: *Roxelio Fernández Conde*.—Feijóo, 4, baixo.—A Cruña.

Sud-Atlantica

Y

Chargeurs Reunis

PROXIMAS SALIDAS

Para os portos do Brasil, Montevideo e Buenos Aires dos modernísimos trasatlánticos rápidos de 16.000 toneladas de desplazamento, 10.000 cabalos de forza e dous hélices.

Precios en terceira crase (Incluídos impostos)

(Suxetos as variacións do cambio e sin impostos.)

TERCEIRA PREFERENCIA—En camarotes de 2, 4 y 6 camas, con comedores, salóns de conversación e café cuberto, independentes. Precio n-esta clase: é o corrente de terceira mais un suplemento de 125 ptas.

TERCEIRA EN CAMAROTE—En camarotes de 2, 4 y 6 camas, con comedores, salóns de conversación e cantinas o precio de 452'60 ptas, incluídol-os impostos.

Remitiránse fotografías d'estas instalacións a quen as pida.

Facilitarán toda crás de informes os seus Axentes xenerales en Hespaña: ANTONIO CONDE, FILLOS.—Plaza de Orense, 2-A.—Telegramas y telefonemas *Chargeurs*.

Lloyd Real Holandés

AMSTERDAM

SERVICIO POSTAL RAPIDO A AMERICA DO SUR
Próximas saídas da CRUÑA para *Pernambuco, Bahía Río Xaneiro, Santos, Montevideo e Bos Aires*.

Precio en terceira crás (incluídos impostos)

Correo rápido	GELRIA	19	Julio	482,60 ptas.
Correo rápido	ZEELANDIA	9	Agosto	482,60 ptas.
Correo rápido	ORANIA	30	Agosto	482,60 ptas.
Correo rápido	GELRIA	20	Seppure.	482,60 ptas.
Correo rápido	FLANDRIA	4	Octubre	482,60 ptas.

Ademiten carga e pasaxeiros de 1.^a, 2.^a, intermedia e 3.^a crás. O vapor «Zeelandia» somentes admite carga e pasaxeiros de 1.^a, intermedia e 3.^a crás.

Todos estos vapores teñen a disposición dos pasaxeiros que viaxan en terceira crás corrente, amplios comedores fixos, magníficos fumadores, cubertas, resguardadas, cuartos de baño, duchas etc, levando para servico dos mesmos Camareiros, Enfermeiros e Cocineiros hespañoles.

Nenos menores de 2 anos, gratis; de 2 a 10, medio pasaxe; maores de 10, pasaxe enteiro. Para cumprimentar as disposicións arxentinas é indispensable que todo pasaxeiro presente a documentación con CINCO DIAS de anticipación á data de saída do vapor.

Para precios de cámara e prazas disponibles o Axente xeneral da Compañía en Hespaña: D. RAIMUNDO MOLINA E COUCEIRO, Consignatario. Representante xeneral da Compañía en Hespaña.—Marina, 22.—A Cruña.

Sobriños de José Pastor

BANQUEIROS

Casa fundada en 1776

A Cruña, Vigo, Lugo e Orense

Almacés de ferros, aceiros, metás, ferramentas e toda crás de ferretería

Fernández, Torres y C.^{ña}

Casa central: A CRUÑA

Linares Rivas, núm. 12

SUCURSAL: Cantón Pequeno, 9 e 10

Teléfonos... { Urbano 75 e 78
Interurbano 49

VIGO

Urzáiz, número 1

Teléfono 253

Os viños e coñas millores
os que exporta a casa PEDRO DOMECCO de Xerez da
Fronteira, fundada en 1734. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouh máis selecto
de mundial e reconocida sona é o Cinzano (Torino).

Para viños de mesa
non hai outros com'os dos cosecheiros exportadores señores

R. López de Heredia (Haro)
Casa Central: PLAZA DA EQUITATIVA—MADRID
Representante exclusivo (matriculado) de todas estas marcas:

José C. Juncosa
Galera 39 e 41 - 2.º piso—A Cruña

Sombrerería LEMUS

SAN ANDRÉS 74

A CRUÑA

BANCO HISPANO AMERICANO

==== MADRID ====

Capital: 100 millóns de ptas.

Dirección telegráfica: HISPAMER

SUCURSAES E AXENCIAS

Albacete, Alcoy, Alicante, Antequera, Badajoz, Barcelona, Bilbao, Cádiz, Calatayud, Cartagena, Cruña, Cabra, Cáceres, Castellón
Ejea de los Caballeros, Figueras, Granada, Gerona, Huelva, Huesca, Játiva, Jaén, Jerez de la Frontera, Logroño, Las Palmas, Lérida,
Lorca, Málaga, Murcia, Olot, Palma de Mallorca, Pamplona, Ronda, Sevilla, Soria, Tarrasa, Tudela, Valdepeñas, Valencia,
Valladolid, Villafranca del Panadés e Zaragoza,

Compra e venda de valores hespañoles e extranxeiros.—Custodia de alhaxas e valores.—Desconto e cobro de cupós, títulos
amortizados e billetes de Lotería.

Troque, compra e venda de billetes e moedas extranxeiras.—Cartas de creto, e xiro sobre todol-os países.—Cobro e desconto
de letras.—Préstamos e contas de creto sobre valores nacionais e extranxeiros.—Contas correntes en pesetas nas que abona
intreses aos tipos seguintes:

2	por	100	ao	ano	nas	cartas	disponibles,	à	vista.
2 1/2	por	100	id.	id.	id.	id.	a	3	meses
2 3/4	por	100	id.	id.	id.	id.	a	6	id.
3	por	100	id.	id.	id.	id.	a	1	id.

Tamén abre contas en moeda extranxeira abonando intreses a tipos convencionaes.

Banco Español del Río de la Plata

Sucursal na Cruña - Casa matriz: BOS AIRES

FUNDADO EN 1886

TEN SUCURSAES NOS PUNTOS SEGUINTEs:

REPÚBLICA ARXENTINA: (Casa matriz, Bos Aires), ROSARIO DE SANTA FÉ, BAHÍA BLANCA,
e principais prazas da República

NO URUGUAY: MONTIVIDEO

ENEUROPA: MADRID, BARCELONA, VALENCIA, VIGO, BILBAO, A CRUÑA, SEVILLA, PARÍS, LONDRES, XÉNOVA, E HAMBURGO

A Sucursal da Cruña encárgase de efectuar por conta dos seus clientes toda crás de operacións bancarias nas con
diciós máis favorabeis e acretará intreses nas contas correntes, tanto en pesetas como en moedas extranxeiras a tipos
excepcionalmente ventaxosos

En conta corrente, intrés anual	2	por	100
En Caixa de aforros, con libreta hasta 1.000 pesetas.	3	»	»
En prazo fixo de tres meses	3	»	»
Idem id. 6 meses	3 1/2	»	»
Idem id. un ano.	4	»	»
A máis prazo			convencional

Dirección telegráfica é telefónica: SPAINBANK.